



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES EN FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL O DEL DESARROLLO (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA) PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO E ÁS SÚAS FAMILIAS, E DO MANTEMENTO DE FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA E DAS SÚAS ENTIDADES FEDERADAS PARA O EXERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Federación Gallega de Asociaciones en favor de las Persoas con Discapacidade Intelectual o del Desarrollo (FADEMGA Plena Inclusión Galicia), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa formalización e ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realice FADEMGA Plena Inclusión Galicia dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade no financiamento do mantemento de FADEMGA Plena Inclusión Galicia e das súas entidades federadas, así como das actuacións que conforman os programas que ten previsto desenvolver a entidade a prol do colectivo das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias, na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade FADEMGA Plena Inclusión Galicia aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2025 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa entidade FADEMGA Plena Inclusión Galicia para contribuír ao financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes para o mantemento de FADEMGA Plena Inclusión Galicia e das súas entidades federadas para o exercicio 2025, así como doutros gastos da mesma natureza derivados da execución de programas destinados á atención de persoas con discapacidade intelectual ou do





desenvolvemento e ás súas familias que a entidade ten previsto desenvolver durante o ano 2025 .

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril , polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, que concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

Begoña Abeijón Fernández

